

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 17 DE XUÑO DE 2016

LICENZAS

FAVORABLES.-

LIC/317/2016.- CONSORCIO DA CIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.- Conceder licenza para realizar o Proxecto básico e de execución de melloras das condicións de uso do Auditorio de Galicia en Avda. Burgo das Nacións Auditorio de Galicia, 32.

LIC/950/2015.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS AVDA DE LUGO.- Conceder licenza para a Instalación de ascensor en Avda. de Lugo, 125.

LIC/1766/2014.- JESÚS MONTOIRO CEPEDA .- Conceder licenza para realizar o Proxecto Básico e de execución de galpón e emparrado rúa das Laranxeiras, 7.

LIC/179/2014.- MÓNICA JOSEFA SUÁREZ BECERRA.- Conceder licenza para a construción de soportal en vivenda en rúa do Nabal, 50C.

LIC/443/2015.- JOSÉ LUIS GÓMEZ PÉREZ.- Conceder licenza de primeira ocupación da vivenda unifamiliar sita na rúa das Hostas, 32.

DEVOLUCIÓNS DE FIANZA

LIC/198/2016.- COMUNIDADE DE HERDEIROS HERMANOS PORTO TORRES.- Acceder á devolución da fianza depositada en garantía da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de 28/11/2011 (LIC/1319/2011) por importe de 1.000€.

DESFAVORABLES

LIC/1620/2015.- FERNANDO IGLESIAS LÓPEZ.- Denegar a solicitude de segregación reiterando unha petición xa denegada pola Xunta de Goberno Local de 29/01/2016, posteriormente recorrido en reposición e desistimento por acordo da Xunta de Goberno Local de 22/04/2016.

RECURSO DE REPOSICIÓN

LIC/939/2008.- CARLOS ABAL LOURIDO en nome e representación de PROXECTOS E INMUEBLES DE GALICIA S.L., para a construción dun edificio de 31 vivendas de VPA con garaxe e trasteiro (Bloque BB3) no SUNP-11 O Castiñeiriño, contra acordo da Xunta de Goberno Local de 29/01/2016 de declaración de caducidade. Desestimar o recurso de reposición polo incumprimento dos prazos máximos de paralización e remate das obras.

LIC/940/2008.- CARLOS ABAL LOURIDO en nome e representación de PROXECTOS E INMUEBLES DE GALICIA S.L. para a construción dun edificio de 32 vivendas de VPA con garaxe e trasteiro (Bloque BB4) no SUNP-11 O Castiñeiriño contra acordo da Xunta de Goberno Local de 29/01/2016 de declaración de caducidade. Desestimar o recurso de reposición polo incumprimento dos prazos máximos de paralización e remate das obras.

LIC/938/2008.- CARLOS ABAL LOURIDO en nome e representación de PROXECTOS E INMUEBLES DE GALICIA S.L. para a construción dun edificio de 21 vivendas de VPA con garaxe e trasteiro (Bloque A1) e (Bloque A2) de 7 vivendas de VPL no SUNP-11 O Castiñeiriño contra acordo da Xunta de Goberno Local de 29/01/2016 de declaración de caducidade. Desestimar o recurso de reposición polo incumprimento dos prazos máximos de paralización e remate das obras.

LIC/937/2008.- CARLOS ABAL LOURIDO en nome e representación de PROXECTOS E INMUEBLES DE GALICIA S.L. para a construción de dous bloques para 34 vivendas de VPA con garaxe e trasteiro e locais comerciais, Bloque BA2: 24 vivendas VPA e Bloque BA3: 10 vivendas VPL, no SUNP-11 O Castiñeiriño contra acordo da Xunta de Goberno Local de 29/01/2016. de declaración de caducidade. Desestimar o recurso de reposición polo incumprimento dos prazos máximos de paralización e remate das obras.

LIC/941/2008.- CARLOS ABAL LOURIDO en nome e representación de PROXECTOS E INMUEBLES DE GALICIA S.L. para a construción dun edificio de 16 vivendas de VPA con garaxe e trasteiro en Bloque BB1, no SUNP-11 O Castiñeiriño contra acordo da Xunta de Goberno Local de 29/01/2016 de declaración de caducidade. Desestimar o recurso de reposición polo incumprimento dos prazos máximos de paralización e remate das obras.

- 2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para realizar o proxecto básico e de execución de melloras das condicións de uso do Auditorio de Galicia en Avda. Burgo das Nacións - Auditorio de Galicia, 32. LIC/317/2016. Apróbase a proposta.
- 3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para a instalación de ascensor en Avda. de Lugo, 125. LIC/950/2015. Apróbase a proposta.
- 4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para realizar o proxecto básico e de execución de gálpón e emparado en rúa das Laranxeiras, 7. LIC/1766/2014. Apróbase a proposta.
- 5.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para a construción de soportal en vivenda na rúa do Nabal, 50 C. LIC/179/2014. Apróbase a proposta.
- 6.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza de primeira ocupación da vivenda unifamiliar sita na rúas das Hortas, 32. LIC/443/2015. Apróbase a proposta.
- 7.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de devolución de fianza. LIC/198/2016. Apróbase a proposta.
- 8.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á denegación de solicitude de segregación. LIC/1620/2015. Apróbase a proposta.
- 9.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á desestimación de recurso de reposición polo incumprimento dos prazos máximos de paralización e remate das obras no SUNP-11 O Castiñeiriño (Bloque BB3). LIC/939/2008. Apróbase a proposta.
- 10.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á desestimación de recurso de reposición polo incumprimento dos prazos máximos de paralización e remate das obras no SUNP-11 O Castiñeiriño (Bloque BB4). LIC/940/2008. Apróbase a proposta.
- 11.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á desestimación de recurso de reposición polo incumprimento dos prazos máximos de paralización e remate das obras no SUNP-11 O Castiñeiriño (Bloque A1 e Bloque A2). LIC/938/2008. Apróbase a proposta.
- 12.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á desestimación de recurso de reposición polo incumprimento dos prazos máximos de paralización e remate das obras no SUNP-11 O Castiñeiriño (Bloque BA2 e Bloque BA3). LIC/937/2008. Apróbase a proposta.
- 13.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á desestimación de recurso de reposición polo incumprimento dos prazos máximos de paralización e remate das obras no SUNP-11 O Castiñeiriño (Bloque BB1). LIC/941/2008. Apróbase a proposta.
- 14.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á desestimación do recurso de reposición interposto polo Grupo Popular, contra o acordo de Xunta de Goberno do 15/3/2016 - Reurbanización da Rúa das Carretas. Apróbase a proposta.
- 15.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa ao outorgamento dunha concesión demanial no Local C do Estadio de San Lázaro á Federación Galega de Fútbol. Acórdase outorgar á Federación Galega de Fútbol, por un prazo de 50 anos, unha concesión demanial sobre o local C do Estadio de San Lázaro para dependencias da FGF cara ao establecemento do núcleo principal da súa actividade federativa en Santiago. A Federación Galega de Fútbol comprométese a abonar unha contraprestación económica pola concesión cun pago de 3.750 euros anuais durante 50

anos e actualizándose anualmente segundo o IPC; e cunha achega de 763.000 euros como consecuencia do compromiso da FGF de asumir o custo das obras de reforma que é preciso levar a cabo no Estadio, e que serán adxudicadas polo Concello.

16.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa á prórroga de aluguer de local para uso como Centro Sociocultural na zona da Améndoa Histórica. (Rúa Santa Cristina, 22-baixo). Acórdase prorrogar o contrato de aluguer do local polo prazo de 5 meses, a contar desde o 1 de xullo de 2016 ata o 30 de novembro de 2016, e por un custo de 4.769,10 euros.

17.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa á prórroga de aluguer dun local na rúa Torreira, nº 18, destinado a uso sociocultural no barrio do Romáño. Acórdase prorrogar o contrato de aluguer polo prazo de seis meses a contar desde o 1 de xullo de 2016 ata o 31 de decembro de 2016, e por un custo de 2.652,54 euros.

18.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa ao convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a Fundación Rosalía de Castro. Apróbase a concesión directa da subvención á Fundación Rosalía de Castro, por un importe de 3.825 euros.

19.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa ao convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación Cultural Rocha Forte. Apróbase a concesión directa da subvención á Asociación Cultural Rocha Forte, por un importe de 3.000 euros.

20.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa ao convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e o Curso Universitario Internacional Música en Compostela. Apróbase a concesión directa da subvención ao Curso Universitario Internacional Música en Compostela, por un importe de 3.825 euros.

21.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa ao convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación Cultural Musical Solfa. Apróbase a concesión directa da subvención á Asociación Cultural Musical Solfa, por un importe de 3.000 euros.

22.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde relativa ao requirimento á empresa concesionaria do "Servizo de Axuda no Fogar no municipio de Santiago de Compostela". Acórdase requirir á empresa Valoriza Servicios a la Dependencia S.L o calendario de execución das melloras contempladas no contrato, concedéndolle a tal efecto un prazo de 10 días hábiles.

23.- Proposta do Alcalde relativa á baixa de diversos vehículos por non utilizables. Apróbase a proposta.

24.- Proposta da alcaldía relativa ao inicio de trámites para a recepción das "Obras incluídas no proxecto básico e de execución de acondicionamento dunha zona de descanso para peregrinos, parque público e parque infantil de Angrois". Apróbase a proposta.

25.- Proposta da alcaldía relativa ao requirimento á empresa adxudicataria do LOTE II do Subministro de varios vehículos e o seu mantemento, mediante arrendamento (RENTING), para o Concello de Santiago, para aboamento de cantidade. Acórdase requirir á empresa Monforte SAU para que abone a cantidade de 540,63 euros polos quilómetros non consumidos durante o segundo ano de arrendamento respecto dos quilómetros/ano estimados para cada vehículo.

26.- Proposta da alcaldía relativa ao requirimento á empresa adxudicataria dos LOTES I e III do subministro de varios vehículos e o seu mantemento, mediante arrendamento (RENTING), para o Concello de Santiago, para aboamento de cantidade. Acórdase requirir á empresa Noyamóvil para que abone a cantidade de 1.306,50 euros polos quilómetros non consumidos durante o segundo ano de arrendamento respecto dos quilómetros/ano estimados para cada vehículo.

27.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa á aprobación das bases reguladoras da convocatoria de subvencións para actividades de promoción e dinamización comercial, anualidade 2016. Apróbanse as

bases reguladoras da convocatoria de subvencións, por un importe total de 50.000 euros.

28.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa á aceptación dunha subvención para a execución de diversas accións formativas dirixidas a persoas desempregadas, correspondentes á vía ordinaria de programación do exercicio 2016. Acórdase aceptar a subvención por importe de 160.846,50 euros da Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Economía, Emprego e Industria, para a realización de tres accións formativas dirixidas a persoas desempregadas (Organización de proxectos de instalación solar térmica, Montaxe e mantemento de instalacións solares térmicas e Montaxe e mantemento de redes de auga)

29.- Proposta dos concelleiros delegados de Medio Ambiente e Convivencia e de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aprobación do estudo de mobilidade sobre as actuacións de recuperación de espazo público no ámbito da rúa de San Pedro, elaborado por TUSSA. Apróbase o estudo de mobilidade sobre as actuacións de recuperación de espazo público no ámbito da rúa de San Pedro, elaborado por Tussa.

30.- Proposta da concelleira delegada de Xuventude relativa á prórroga do servizo de xestión de actividades nos locais municipais de música para a xuventude de Compostela. CON/13/2014. Apróbase a prórroga do servizo adxudicado á empresa Esproade S.L polo período que vai do 4 de xullo de 2016 ao 3 de setembro de 2016 ou polo tempo mínimo indispensable mentres non quede novamente adxudicado o novo servizo. O custo da prórroga será de 1.530,66 euros.

31.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á aprobación do convenio entre o Concello de Santiago e a Federación Galega de Baloncesto para o desenvolvemento do III Jamboree de Clubs de Minibasquet Galicia 2016. Apróbase o modelo de convenio coa Federación Galega de Baloncesto no que se recolle unha subvención nominativa por importe de 10.000 euros.

32.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á prórroga do contrato do Servizo de mediación de seguros privados para o Concello de Santiago de Compostela. Acórdase prorrogar o contrato asinado coa empresa Borrás-Vázquez-Cameselle Artai Correduría de Seguros S.A, polo prazo dun ano a contar desde o 12 de xullo de 2016. Este contrato non xerará ningún gasto para o Concello.

URXENCIAS

1.-Xustificación e extinción das axudas concedidas pola Xunta de Goberno no marco do programa Santiago Suma de Inclusión Social, anualidade 2015. Apróbase a proposta.

2.- Proposta relativa ás bases da convocatoria pública para o outorgamento de subvencións para a instalación de carpas en eventos veciñais pola Concellería de Relacións Veciñais e para a realización de actividades en apoio das festas patronais en barrios e parroquias pola Concellería de Acción Cultural mediante a modalidade de axudas en especie. Apróbase a proposta e autorízase o gasto de 8.000 euros con cargo á Concellería de Relacións Veciñais e de 28.000 euros con cargo á Concellería de Acción Cultural.